

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 29 DE XULLO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e tres minutos do día vintenoventa de xullo de 2019 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ (RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boas tardes a todas e todos. Imos dar comenzo á sesión ordinaria do pleno de vinte nove de xullo de 2019 coa seguinte orde do día.

1. **APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE XUÑO DE 2019 (EXTRAORDINARIA).**

Coa corrección formulada pola concelleira dona María Teresa Rodríguez Estévez de que no acordo relativo á designación de representantes nos Consellos Escolares o nome dos centros escolares está mal recollido, a acta fica aprobada por unanimidade.

2. **DACION DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía dítadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 07 de xaneiro, unha, sobre alta no Padrón Habitantes.

Do 15 de febreiro, unha, sobre expte. sancionador 10.

Do 17 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de abril, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de abril, tres; unha, sobre revogación Resolución; unha, sobre concesión servizo axuda no foga; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de abril; oito; unha, sobre alta no Padrón habitantes; dúas, sobre exención IVTM; dúas, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de abril; catro; dúas, sobre recoñemento trienios; unha, sobre incoación expte. restauración legalidade urbanística ; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de abril, catro; unha, sobre exención IVTM; tres, sobre bonificación IVTM.

Do 29 de abril; tres; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de abril, catro; dúas, sobre incoación expte. restauracion legalidade urbanística; unha, sobre incoación expte sancionador infracción administrativa; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de maio; dez, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha sobre recurso reposicion recibos IBI U; unha, sobre requirimento; unha, sobre enterramento; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre instalación mesas e cadeiras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de maio; sete; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre erro no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa recibos pendentes; unha, sobre expte. restauración urbanística; unha, sobre arquivo expte; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 07 de maio; dúas; unha, sobre aceptación renuncia contrato; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de maio, nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas; sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre retirada peche; unha, sobre nomeamento tribunal baremación méritos; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de maio; dúas; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de maio; dez; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; cinco, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa na taxa recollida lixo; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de maio; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de maio; dúas; unha, sobre requirimento; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de maio; doce; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; sete, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de maio, seis, unha, sobre alta no Padrón Habitantes, unha, sobre concesión prórroga inicio obras; unha, sobre concesión asuntos propios; dúas, sobre eficacia comunicación previa de actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de maio; catro; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre expte. sancionador 1/2019; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de maio; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de maio; sete; cinco, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión colocación mesas e cadeiras; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de maio; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre licenza para tenza animal potencialmente perigoso; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de maio, unha, sobre eficacia comunicación previa actividade.

Do 27 de maio, tres, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións: unha, sobre aboamentos.

Do 28 de maio, sete; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre inadmisión recurso reposición; unha, sobre requirimento; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de maio; tres; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre nomeamento tribunal: unha, sobre aboamentos.

Do 30 de maio; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; dúas, sobre baixa recibos IBI U; unha sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 31 de maio, nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre bonificación IVTM; dúas; sobre liquidación ingreso serv. ext. incendios e outros; unha, sobre limpeza finca; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación vía pública.

Do 03 de xuño; cinco; dúas, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre denegación asuntos propios; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de xuño, dúas; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de xuño; dez; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre nomamento tribunal baremación méritos; unha, sobre prazo para alegacións; dúas, sobre limpeza terreo; unha, sobre prórroga eficacia comunicación previa obras; unha, sobre contrato laboral temporal; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xuño; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre baixa na taxa recollida lixo; unha, sobre expte. 26 IAE/2018; unha, sobre expte. sancionador 13; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xuño; nove, cinco, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xuño, tres, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xuño; dúas; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xuño; dez; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas sobre fraccionamento débeda; unha, sobre reunión mesa contratación arrendamento local; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xuño, seis; unha, sobre cambio titularidade actividade; dúas, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre tarxeta estacionamento; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño catro; dúas, sobre contrato laboral temporal; unha, sobre concesión permiso por matrimonio; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xuño, catro; unha, sobre nomeamento Tenentes de Alcalde; unha, sobre composición Xunta Goberno Local; unha, sobre atribucións a prol Xunta Goberno Local; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xuño; catro; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 19 de xuño; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; tres, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre acceso vista expediente; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xuño; dúas; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño; once, catro, sobre altas no Padrón Habitantes; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións.

Do 24 de xuño; once; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa na taxa rede sumidoiro; catro, sobre delegacións varias; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xuño, seis; dúas, sobre prórrogas contratos; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xuño; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xuño; seis; dúas, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre autorización substitución vehículo autoturismo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 01 de xullo; dez; catro, sobre altas no Padrón habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre nomeamento tribunal baremación méritos; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de xullo; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre requirimento; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de xullo; trece; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos.

Do 04 de xullo; seis; unha, sobre requirimento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de xullo; catro; dúas, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de xullo; oito; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión prórroga licenza obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de xullo; dezaioito; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha sobre recoñecemento trienio; dúas, sobre denegación recoñecemento trienio; sete, sobre limpeza terreos;

unha, sobre remisión ao Xulgado documentación PO184/2019; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras: unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xullo; trece; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; tres, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; tres, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre inscrición no Rexistro Parellas Feito; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xullo, doce; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda: unha, sobre bonificación IVTM; cinco, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre requirimento a varios; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha sobre nomeamento tribunal peóns brigada forestal; unha, sobre concesión vado permanente; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de xullo; oito; tres, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre vado permanente; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 16 de xullo; nove; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 17 de xullo, tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de xullo, unha, sobre concesión vacacións.

Do 19 de xullo; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; catro, sobre fraccionamento débeda.

Do 22 de xullo, unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de xullo, unha, sobre concesión servizo xantar na casa.

Do 24 de xullo; tres; dúas, sobre contratos laborais temporais; unha, sobre aprobación taxa ocupación vía pública con valas.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL 2018.

A proposta de acordo é do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO.- Aprobación a Conta Xeral do Exercicio 2018 do Concello de Ribadavia.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e *Consello de Contas*, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

Alcalde.- Non sei se os grupos queren un turno de intervención.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a favor: PP (5), PSOE (4); abstencións RBC (3), BNG (1) , fica aprobada a proposta.

4. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2019 .

a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste concello , para o exercicio económico 2019, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo 1	Gastos de persoal	2.365.728,73
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e serv.	1.253.339,47
Capítulo 3	Gastos financeiros	26.879,36
Capítulo 6	Investimentos reais	311.540,89
Capítulo 7	Trasferencias de capital	10.000
Capítulo 9	Pasivos financeiros	400.827,32

Total Estado de Gastos 4.728.292,43

ESTADO DE INGRESOS:

Capítulo 1	Impostos directos	1.386.213,94
Capítulo 2	Impostos indirectos	73.726,54
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	926.216,56
Capítulo 4	Trasferencias correntes	2.020.873,92
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	89.590
Capítulo 7	Trasferencias de capital	231.671,47

Total Estado de Ingresos 4.728.292,43

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e plantilla de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

5. APROBACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL PARA O 2019.

a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Modificados e reestructurados determinados servicios dende a aprobación da plantilla de persoal deste Concello, faise preciso a modificación da mesma.

O artigo 90 da ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Presuposto, a plantilla, que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Realizado-las análises e avaliacións conseguintes, emitidos informes por Secretaría e Intervención, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.--Aproba-la plantilla de persoal deste Concello, que se xunta como anexo a este dictame, integrando ó mesmo, e comprensiva dos seguintes apartados:

- A) Postos de traballo reservados a funcionarios de carreira.
- B) Postos de traballo reservados a persoal eventual.
- C) Postos de traballo reservados a persoal laboral.

SEGUNDO.--Publica-la plantilla aprobada íntegramente no «Boletín Oficial da Provincia» xunto co resume do presuposto, achegándoselle copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Nembargantes, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, , reservanse para o Pleno PSOE, RBC , BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Alcalde.- Propono que o debate dos puntos catro e cinco se acumulen, Iniciamos unha ronda de posicionamento dos grupos.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A estas alturas a execución do orzamento xa está moi avanzado, o grupo de goberno leva pouco máis de un mes. O orzamento o vemos escaso, con moi poucas innovacións, é certo que o gasto de persoal ven xa determinado e que é moi importante. A idea do servizo de madrugadores e da aula de teatro nos parecen moi ben, tamén podían ser posibles con modificacións orzamentarias. De cara ao orzamento do 2020 o noso grupo está en toda a disposición de falar e negociar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Son uns orzamentos continuistas, compartimos o argumentario da portavoz do BNG. Non resoven os verdadeiros problemas de Ribadavia, nin tan sequera pon as bases para os resolver. O goberno leva unha liña continuista na diplomacia, da mesma maneira que o anterior concelleiro de Facenda sempre dispensaba un bo trato, o alcalde e a concelleira de Facenda dan un bo trato.

Nos acordos do día vinte catro e de hoxe o noso grupo formulou propostas que poderían ser a base para resolver os problemas cruciais de Ribadavia. O grupo de goberno aceptou as propostas de algún grupo, as de Ribeiro en Común non. Nos seguimos coa man tendida.

Detallo brevemente as propostas de RBC que xa se achegaron por escrito.

Crear unha comisión de seguemento e promoción do polígono empresarial, agora é o momento, estivo abandonado a lexislatura pasada.

Creación dun plan de emprego para parados de longa duración, o emprego é o principal problema de Ribadavia.

Conclusión do Centro de Día, Reforma do Centro de Saúde.

Dotar unha partida orzamentaria para unha nova pasarela entre A Veronza e San Francisco, vertebraría os núcleos máis poboados de Ribadavia. Requírese a colaboración de administracións superiores.

Os investimentos que se prevén no 2019 tamén moitos son simbólicos.

RBC foi o único grupo que pediu a continuación da beirarrúa de Francelos , 6000 euros non dan para rematar a obra.A día de hoxe non se sabe a causa da paralización.

Nos non quitaríamos ningún investimento pero faltan moitos.

Precísase vivenda social, hai casas do concello en mal estado no casco histórico.

O orzamento debe ser un documento político, unha declaración de intencións.

Pediría que nas modificacións orzamentarias se manteña o consenso.

O servizo de augas está en precario, caducado con prórrogas. Hai un debe importante na mellora e inversión na infraestrutura da auga. A empresa actual non invirte ao estar o contrato vencido.

Na recadación municipal por consenso debe actuarse na materia.

Na recuperación da vila termal de Prexigueiro , o concello debe ser o motor desa Fundación. Que se cumpla o contrato , que se poñan en valor as termas.

Que haxa transparencia en dous sentidos na contratación e nas ofertas de emprego. Que non se fagan a través do INEM ,é un criterio político.

Respecto as partidas comprometidas con RBC nos anos 2016 e 2017 debe haber un compromiso, a nova lexislatura non é un borrón e conta nova.

Respecto ao persoal hai traballadores que fan traballo de técnico e non se lles recoñece. Non se quiso traer a RPT a pleno. O traballador que fai un traballo se debe recoñecer no contrato e no salario.Hai traballadores que fan máis horas das que ten contratadas.

Hai que clarificar o censo, hai irregularidades, houbo altas irregulares, propoño unha comisión de todos os grupos para clarificar o censo.

Nos presentamos por escrito os días 23 e 29 tres propostas de creación de partidas novas, esperamos que se teñan en conta.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Imos falar do orzamento, non do que se quere decir e facer en catro anos e non ten que ver co orzamento. Os números , os cartos son os que determinan o que se pode facer e o que non. Non é unha cuestión política, hai que ver a capacidade de facer. Defendemos o mesmo dende o goberno e dende a oposición, se pode abordar o que economicamente se pode. O que hai é o que se pode facer. O traballo dun goberno é incrementar partidas. Antes o PP cando estaba na oposición facía unha carta aos Reis Magos. No orzamento medran as inversións, porque o PSOE deixou inversións comprometidas importantes para infraestruturas. Non se poden obviar as inversións obtidas que son importantes para un concello como Ribadavia.Hai subvencións cunha aportación do concello do 20%. O recoñecerán os grupos con capacidade de goberno.O goberno leva pouco tempo e non coñece o funcionamento da administración. Por iso teña excusa na forma de negociar. Os documentos orzamentarios primeiro se fala cos outros grupos, logo se fai un borrador e logo unha ronda de consultas. É unha eiva que botamos en falla. O anterior concelleiro de Facenda fixo dezaseis orzamentos.

A obra de mellora da pavimentación na rúa Norte, rúa Corral e rúa Progreso son cen mil euros. O Plan Marco son 44.000 euros.Para a actuación en camiños a partida é pequena, se actúa en colaboración coa Deputación aportando material.

Nas beirarrúas de Francelos hai unha partida de 6000 euros, cando faltan tres meses do ano, se pode avanzar. Houbo acordo con Gas Natural para que retirará gratuitamente os postes.

O alumeado no castelo foi unha gran inversión que conseguiu o PSOE.

A Posta en valor do Parque Robla , 44000 euros, esa é unha realidade.

Como nos formamos parte de este documento, non imos a ser un obstáculo.

Son continuistas nalgunha cuestión, como nas axudas ao transporte universitario.Estamos satisfeitos na parte social do que se poida facer.

Queremos que nos expliquen as medidas do servizo de madrugadores, se estivera ben estaríamos de acordo. Nos deixamos de prestar ese servizo cando a xente non o demandaba. Como filosofía nos parece ben que se incorpore.

Aportamos outra cousa, os 2000 euros para crear unha nova Escola de Teatro, o propuso o grupo socialista. Son parte da xestión do PSOE, hai outros investimentos que nos non afrontaríamos. A débeda coa Galiña Azul, non me parece de recibo o convenio , aínda que o firmara

un presidente socialista da Fegamp, me parece un atraco a mano armada. Os concellos non participan nin nos ingresos nin na xestión. A débeda que se reduciu os últimos catro anos coas entidades bancarias foi importante, sen incrementar as taxas nin os importes. No próximo documento o grupo socialista non vai a actuar da mesma maneira.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Como explicaron os grupos hai feitos que condicionan os orzamentos. Moitos gastos xa están feitos, outros comprometidos: o incremento da partida de persoal polo aumento do salario mínimo interprofesional. O marxe de maniobra é cativo e con él se fai o servizo de madrugadores ou o servizo de abastecemento de auga no Castro.

Hai pequenas partidas como declaración de intencións, os camiños rurais, as beirarrúas de Francelos, a Escola de Teatro. Non nos avergoña que sexa continuista, dado que houbo seis meses do anterior goberno. É un documento fundamental que permite atender os compromisos.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai poucas novidades, moitas das actuacións que propoña o PP en campaña non se recollen. Botamos en falta máis actuacións. Hai certo desfase en ingresos que non se entende. Na partida de carburantes tampouco se entende ese desfase, se se gasta máis do orzamentado. Respecto á plantilla estou de acordo en aumentar o horario de algúns traballadores.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Vou a ser moi sintético. Nos sorprende a medias, para algún grupo o que goberna é RBC. A maioría das alusións son para RBC, que é un grupo en disposición de gobernar pero que non goberna. RBC ven a falar dos orzamentos, e fixo propostas a este respecto. RBC foi o grupo político que máis subiu en apoios, outros grupos baixaron e deixaron de gobernar. RBC segue coa man tendida se se cumpren uns mínimos de democráticos e de gobernabilidade institucional.

Os datos do paro ahí están , o concello pode facer moito nese tema. Reformar unha rúa non é unha infraestruturas. O asilo, o centro de saúde , o vaso da piscina nada. Propoñemos unha pasarela entre a Verenza e San Francisco, dous núcleos moi populosos illados. Hai un problema de vivenda e o concello ten vivendas. Nos viñemos a propoñer para unha Ribadavia mellor.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Cartas aos Reis Magos lle dixen ao PP. Algún ten unha obsesión con ser protagonista. Os que somos responsables somos nos ao aprobar o orzamento. Xa me gustaría a mín cando cheguei ao concello ter tantas inversións como as que quedan agora. A realidade é facer o que se pode facer coas ferramentas que se teñen. E aquí falamos dos orzamentos , non se trata de dar un mitín do que se quere facer.

Da carta aos Reis Magos do PP, agora outros grupos fan algo semellante. O orzamento ten que ter un informe do interventor de estabilidade orzamentaria e de legalidade. No Porto Seco se ten gastado vinte e cinco millóns de euros e non hai ningunha empresa instalada. Claro que hai un gran problema co desemprego. O Plan de empregabilidade da Deputación é de 10.000 euros. Temos un 50% do gasto de persoal, 26% de gasto corrente e 65% en inversións. Hai que falar con seriedade, podemos tender a man a algún grupo serio. Poderíamos bloquear o goberno do PP, pero somos serios. O importante é que se recollan as cuestións que se poidan , este documento é realista.

Daremos colaboración a hora de falar, pero non cheques en branco, que a nos non nos deron.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Nos tamén seguiremos na senda da redución da débeda, estamos sometidos ao Plan de axuste.É factible a contención de gasto. Reiterar as desculpas polos erros que poido haber no proceso de negociación. Sobre o escrito de RBC , concordamos en moitas das medidas , pero é complicado plasmar en números.

Alcalde.- Agradecer ao PSOE a súa abstención e a concelleira de Facenda o seu traballo , que nunhas condicións difíciles fixo un documento serio e realista. Traer a aprobación un orzamento é unha mostra de valentía política, podería tratarse de ir tirando con modificacións orzamentarias. Acometemos unha pequena parte dos nosos compromisos electorais. Respecto aos grupos que se posicionan en contra seguimos coa política de man tendida. Convidamos a traballar no novo orzamento para que satisfaga as expectativas de todos os grupos, é necesario o diálogo de todos os grupos para mellorar a calidade de vida dos veciños.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo non dixo que non ía a votar en contra.

Alcalde.- Eu dixen se algún grupo votase en contra, vostedes non manifestaron explicitamente a abstención.Agradezo a RBC a súa abstención.

Sometidos a votación os orzamentos obtense o seguinte resultado, votos a prol (5) PP, abstención PSOE (4), RBC (3) e votos en contra BNG (1), fica aprobada a proposta.

Sometida a votación a plantilla de persoal obtense o seguinte resultado , votos a prol PP (5), abstención PSOE (4), RBC (3) e BNG (1), fica aprobada.

6. ACORDO QUE PON FIN Á TRAMITACIÓN MUNICIPAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIBADAVIA.

a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.-CONSIDERANDO QUE O PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA EN SESIÓN DE 31 DE MAIO DE 2018 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO:

“Aprobado inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal por acordo do Pleno do día 30.10.2008, foi sometido á información pública durante o prazo de dous meses, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* núm. 224, do día 18-11-2008; no xornal Faro de Vigo de data 14 de novembro de 2008 e xornal La Voz de Galicia de data 13 de novembro de 2008.

Simultaneamente, e durante o mesmo prazo de información pública, déuselles audiencia aos municipios limítrofes, para os efectos de que presentasen todas as alegacións que considerasen pertinentes, e foi sometido ás consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

Durante o período de información pública presentáronse as alegacións que constan no expediente.

Ademais das alegacións particulares e veciñais, recibíronse informes ou escritos de varias Administracións co resultado que consta no expediente e relacionados no informe do Secretario Municipal no que se indica as datas de remisión e emisión dos mesmos.

Respecto das alegacións, suxestións e alternativas, o equipo redactor e os Servicios Técnicos desta corporación informaron co resultado que consta no expediente.

O día 05.08.2015, o equipo redactor presentou no Concello a proposta final do Plan, que foi remitida, xunto co resto dos documentos necesarios, ao órgano ambiental competente o día 16.09.2015.

O día 30.11.2015 recibíuse a declaración ambiental estratéxica emitida polo órgano ambiental competente.

Visto o informe de Secretaría, conforme o disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Que se desestimen as alegacións presentadas en relación co expediente de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, polos motivos expresados nos informes dos servicios técnicos municipais e o equipo redactor, os cáles constan no expediente.

SEGUNDO. Que se estimen as alegacións presentadas polos interesados en relación co expediente de aprobación do Plan Xeral, polos motivos expresados nos informes dos servicios técnicos municipais e do equipo redactor do Plan, os cáles constan no expediente. En consecuencia, introducíranse no expediente as modificacións indicadas nesos informes.

TERCEIRO. Que se aprobe provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes sectoriais emitidos.

CUARTO. Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva".

-Considerando que con data de seis de febreiro de 2017 a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ditou a " Orde do 6 de febreiro de 2017 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ribadavia" que no seu punto III dispoña:"

Resolución.

En consecuencia , e de conformidade co establecido no artigo 85.7.b) da LOUG, RESOLVO:

1º Non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ribadavia.

2º O concello deberá redactar os documentos modificados precisos para emendar as deficiencias sinaladas no apartado II desta Orde; e os elevará, logo dos trámites oportunos, ante esta Consellería para a súa aprobación definitiva.

3º Contra esta Orde cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no prazo de dous meses, que se

contarán dende o día seguinte ao da súa publicación , segundo disponen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

4º Notifíquese esta Orde ao Concello. “

Visto o artigo 85.7.B) da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia:” Se non procede outorgar a aprobación definitiva , o órgano competente sinalará as deficiencias e subseguintes modificacións que procede introducir, ao obxecto de que, unha vez subsanadas e aprobadas polo concello, se eleve de novo o documento para a súa aprobación definitiva, salvo que que tivera quedado relevado de facelo porla escasa importancia das modificacións.

En exercicio da competencia atribuída polo artigo 22.2.c) da Lei Reguladora de **Bases de Réxime Local, acórdase:**

1º Aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadavia coas emendas realizadas para correxir as deficiencias sinaladas no apartado II da “ Orde do 6 de febreiro de 2017 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Ribadavia” , DOCUMENTO PARA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA , coas correccións levadas a cabo para dar cumprimento ao sinalado na orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 06/02/2017 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral, presentada con número de rexistro de entrada no concello de Ribadavia 1964 de 3 de maio de 2018.

2º Unha vez dilixenciado , elevar o documento a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio , co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva”

SEGUNDO.- Considerando que con rexistro de entrada no concello de Ribadavia número 3939 de 4 de setembro de 2019 se recibe oficio da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que se indica:

“ A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio resolveu na Orde do 6 de febreiro de 2017 non outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Ribadavia.

O 22.06.2018 entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o PXOM de Ribadavia modificado para emendar as deficiencias sinaladas na devandita orde, aos efectos de que se resolva sobre a súa aprobación definitiva (artigo 85.7 da LOUG en relación coa disposición transitoria 2ª da LSG). Ao respecto desta achega emitiuse un requerimento de integridade documental o 11.07.2018.

Con datas 18.07.2018 e 03.08.2018 entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia a documentación requirida. Unha vez analizada, obsérvanse unha serie de eivas en relación cos informes sectoriais preceptivos:

-O contido do informe municipal do 07.03.2018 que foi informado favorablemente o 26.03.2018 pola Dirección Xeral de Telecomunicacións non se incorporou ao documento do PXOM para aprobación definitiva.

-Consta no expediente novo informe do 22.05.2017 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia no que se require a presentación dunha separata para completar a información do PXOM e proseguir o trámite de emisión do informe sectorial preceptivo. Á vista disto, débese obter pronunciamento favorable deste organismo sectorial antes de resolver sobre a aprobación definitiva do PXOM, ou certificado de silencio. Asemade falta por remitir o oficio de solicitude do devandito informe.

-Por formar parte do expediente municipal , debe remitirse a notificación da aprobación provisional á Delegación de Economía e Facenda Estatal, así como certificado municipal do resultado do trámite.

Infórmase que ata o cumprimento deste requirimento ,non comenzará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta (artigo 85.7 da LOUG).

TERCEIRO.- Visto que Con data de 3 de xullo de 2019 a “ Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia” con rexistro de saída do Ministerio de Fomento de 5 de xullo de 2019 emite o seguinte informe:

“ Asunto: Plan General de Ordenación Municipal del concello de Ribadavia.

Interesado: concello de Ribadavia.

Con fecha de 3 de julio de 2019 teniendo en cuenta el informe de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia 27 de mayo de 2019 , el Subdirector General de Explotación , P.D, del Director General de Carreteras (Orden FOM /1644/2012, de 23 de julio) ha resuelto:

Informar favorablemente , en lo referente a su afeción a la Red de Carreteras del Estado , el PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DEL CONCELLO DE RIBADAVIA (mar 2019) , con las siguientes condiciones:

1 Para el desarrollo del suelo UNDI-3, es necesario que el acceso más cercano a la glorieta de la margen derecha del enlace 252 de la autovía A-52(que sirve como segundo acceso a la carretera N-

120 del suelo UNDI-3) sea clausurado , al no cumplir las distancias previstas en la Orden de 16 de diciembre de 1997, por la que se regulan los Accesos a las Carreteras del Estado, vías de servicio y construcción de instalaciones de servicio , y suponer un peligro para la seguridad vial (El suelo UNDI-3 dispone de un acceso a la carretera N-120 unos 250 m antes que permite todos los movimientos desde el UNDI-3 con la carretera N-120)

No se podrán conceder licencias de ocupación y puesta en marcha de las actividades previstas en desarrollo del suelo UNDI-3 mientras no se encuentre clausurado el mencionado acceso.

2 Se recuerda que en todo caso se debe garantizar el cumplimiento del articulado de la Ley 37/2003, de 17 de noviembre y a los Reales Decretos que la desarrollan y en especial su artículo 20.

Los medios de protección acústica que resulten necesarios para dar cumplimiento a lo dispuesto en la normativa de ruido vigente (Directiva 2002/49/ CE , de 25 de junio de 2002) transpuesta en la Ley 37/2003, de 17 de noviembre del Ruido (BOE de 18 de noviembre de 2003) y, en su caso, en la normativa autonómica o local , serán ejecutados con cargo a los promotores de los desarrollos, previa autorización del Ministerio de Fomento si afectaran a las zonas de protección del viario estatal , pudiendo situarse en la zona de dominio público.

El presente informe se emite a los efectos del artículo 16.6 de la Ley 37/2015 , de 29 de septiembre, de carreteras y no implica autorización de la Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento a las actuaciones que afectan o se sitúan en la zona de influencia de las carreteras pertenecientes a la Red de Carreteras del Estado, para cuya eventual tramitación deberá seguirse el procedimiento establecido reglamentariamente (art 93 del Reglamento General de Carreteras (RD 1812/1994, de 2 de septiembre)”

Visto o informe de secretaría de esta misma data.

En exercicio da competencia atribuída polo artigo 22.2.c) da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadavia coas emendas realizadas para correxir as deficiencias sinaladas no requerimento de data 3.9.2018 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo , e as condicións impostas no informe favorable do Ministerio de Fomento de data 4 de xullo de 2019, documento presentada con número de rexistro de entrada 3469 no concello de Ribadavia de 22 de xullo de 2019.

2º Unha vez dilixenciado , elevar o documento a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio , co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva”

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, PSOE, BNG, , , reservanse para o Pleno RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Imprescindible que se aprobara canto antes, que sexa o último trámite realmente. Estamos a favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Dixo que só había un grupo que se ía a abster, é un orzamento a medias, hai que supervisar ao goberno non bloquear. Este grupo posibilitou o orzamento de 2016, 2017. Imos votar a favor, como no último pleno , cos mesmos orzamentos. O plan xeral é de 2006, a aprobación inicial é de 2008, en 2017 todos os grupos fuimos a Santiago para recuperar o plan xeral pola entrada en vigor da nova Lei do Solo. RBC se sumou para facilitar a aprobación.

O plan nace caducado, pero da máis seguridade que as normas subsidiarias. Require modificacións puntuais, RBC vota a favor se o goberno se compromete a realizar modificacións puntuais, hai dotacións que precisan modificacións puntuais.

As normas do Pepri requiren modificacións. RBC falou coa poboación, esas modificacións as reclaman os veciños do casco histórico , dos núcleos, os promotores, os contratistas, etcétera... Imos votar a favor.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Claro que o plan xeral vai a ter que abordar modificacións. Ogallá non o teñamos que volver a traer por novas leis. Ogallá haxa que facer modificacións puntuais, o documento ven de fai moitos anos. Antes se decía que era o goberno o que dilataba e non sabía facer as cousas. O plan xeral o rescatou éste que fala , que era o alcalde naquel momento, igual sería máis fácil gardar nun caixón. Algún dí que a xente ten que vivir en casas humildes no casco histórico e logo se comprar un chalet. O grupo socialista traballou moito neste plan xeral e o PP votou en contra. Mellora o que temos as normas de 1986. Nos decimos o mesmo no goberno e na oposición, o que é bó para Ribadavia é bó para Ribadavia. Decía o alcalde de Vigo que esperaba ter o Plan Xeral no século XXII. Este proceso se dilatou moito , non é de recibo que mareen a perdiz , cun informe tras outro.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- É un tema máis que debatido. Votamos a favor na anterior lexislatura. Somos conscientes de que necesita modificacións.

D Brais Fidalgo Martinez (RBC) .- Reiterar o ofrecemento de RBC a esas modificacións puntuais. Neste tema todos os grupos fuimos responsables, nos adicamos a intentar mellorar Ribadavia. Nos propondremos modificacións.

Alcalde.- Agradecer a votación favorable de todos os grupos. Estamos de acordo nas modificacións puntuais do plan xeral e do pepri, e o iremos abordando co apoio de todos os grupos.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

7. APROBACIÓN INICIAL DOS ESTATUTOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.
a Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter inicial os Estatutos do Consello Municipal de Deportes de Ribadavia nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO.- Expor a información pública os mesmos, mediante anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán resultas polo Pleno. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, consideraranse aprobados definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, PSOE, reservanse para o Pleno RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos parece ben , e que se fíxese por consenso.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Imos votar a favor dos puntos 7 e 8. Se traballou no Consello Municipal de Deportes.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Nos pusimos o tema en marcha, é unha boa herdanza que deixamos nesta administración. Con nos se pasou de 600 a 1000 socios no pavillón.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP)- A favor.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade

8. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.

a Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES** nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Someter dito Regulamento Municipal a información pública e audiencia dos interesados , con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello , polo prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións , que serán resoltas pola Corporación,. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, PSOE , reservanse para o Pleno RBC, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade

9. OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL SOBRE AULA CULTURAL A FAVOR DO CRA AMENCER.

a Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo , na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, BNG, reservanse para o Pleno PSOE, RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Vista a solicitude presentada por dona M^a Cruz Estévez Iglesias, directora do CRA Amencer, de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello nº3087 de 28 de xuño de 2019:

“ Expón que levamos sete anos metidos no PLAMBE (Plan de Mellora das bibliotecas escolares de Galicia) e fixemos unha inversión cos fondos aportados pola Consellería para poder ter un espazo para a nosa biblioteca. Dada a adquisición de fondos durante todos estes anos, a biblioteca non ten capacidade para poder desenvolver todas as actividades, Por iso,

Solicitamos

A cesión ou o uso e disfrute da aula cultural que está na planta de arriba ao lado da biblioteca para poder ampliar esta. Así poderíamos realizar outras actividades como por exemplo, habilitar espazos creativos , espazos de robótica, legos, xogos matemáticos, radio escolar, gamificación, ABN, etc, que neste momento por falta de espazo non podemos facer no noso centro. Así poderían acudir os nenos das tres escolas a realizar diferentes actividades durante o período lectivo.”

Visto o Regulamento de Bens das Entidades Locais:

-artigo 2.2: Os bens de dominio público serán de uso ou servizo público.

-artigo 4:” Son bens de servizo público os adicados directamente ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais, tales como Casas Consistoriais, Pazos Provinciais, e, en xeral, edificios que sexan sede das mesmas, matadoiros, mercados, lonxas, hospitais, hospicios, museos , montes catalogados, escolas, cemiterios, elementos de transporte, piscinas e campos de deporte, e, en xeral, calesquera outros bens directamente adicados á prestación de servizos públicos ou administrativos.”

Vista a Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas :

-Artigo 93: “ 1 O outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia, Non entanto, poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 de esta lei, cando se den circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, ou en outros supostos establecidos nas leis.

3 As concesións outorgaranse por prazo determinado . O prazo máximo de duración , incluídas as prórrogas non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais que sexan de aplicación.

4 Non estarán suxeitas a taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leva aparellada unha utilidade económica para o concesionario, ou , aínda existindo dita utilidade , a utilización ou aproveitamento entrañe condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.”

137.4 : “ Poderá acordarse a adxudicación directa nos seguintes casos:

- a) Cando o adquirente sexa outra Administración Pública.
- b) Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro , declarada de utilidade pública ,ou unha igrexa , confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida.
- c) Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou a realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nos apartados a) e b).

Vista a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, Sala do Contencioso Administrativo , de 10 de abril de 2012:” si la norma excepcionalmente permite la adjudicación directa frente al régimen concurrencial en supuestos en los que el inmueble es necesario para cumplir un fin de interés general lo hace porque este no se vería satisfecho o al menos de forma rápida y efectiva mediante la utilización de concursos públicos , y si el concurso público dificulta o impide esa satisfacción del interés general cabe pensar que es porque aquél para quien se pretende la adjudicación directa cuenta con unas circunstancias de las que carecen y no pueden obtener el resto de competidores en un proceso de concurso , que se presentan singularmente en él”

ACORDASE:

-Outorgar unha concesión demanial de forma directa sobre aula cultural sita na planta de arriba do CRA Amencer a favor do CRA Amencer por prazo de

dez anos de forma gratuita ao estar prevista a adicación a uns fins educativos de carácter público e interese xeral.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP, BNG, reservanse para o Pleno PSOE, RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A favor, como xa dixemos nas Comisións , os demandantes precisan a aula e a van a utilizar. Entendemos que non hai problema con outra asociación.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, sempre e cando se solucione o uso actual. A iniciativa do CRA é positiva, non se entendería que o concello propietario fose un obstáculo. Todos os grupos estamos dispostos para dar saída.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non hai esa conformidade ao 100% polas asociacións. Se fixo unha cesión de ese local para un aula que ten homologada a propia Xunta. Dito acordo de cesión consta nun acta da xunta de goberno de entre 2003 e 2007, se fixeron obras para posibilitar a accesibilidade na mesma. Nos imos a abster porque non sabemos se hai un acordo cedendo ese espazo e, entón , con carácter previo habería que revogalo.

O secretario indica que se hai un interese público prevalente posterior se podería revogar, e o señor interventor manifesta que se fará unha comprobación pormenorizada para constatar a existencia de dito acordo.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- A directora fixo a solicitude, é para a ampliación da biblioteca e para unha actuación de robótica e radio escola. Non nos consta ese convenio do que se fala. As asociacións que usan o local non poñen ningún inconveniente. Entendían que era para un ben maior.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Entendemos que si legalmente non é aplicable , queda sin efecto.

Interventor.- Non consta ningún convenio.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).-Decimos que hai unha cesión de uso homologada para cursos da Xunta . Habería que revogar o acordo que se adoptou entre os anos 2003 e 2007.

O secretario indica que se hai un interese público prevalente posterior se podería revogar, e o señor interventor manifesta que se fará unha comprobación pormenorizada para constatar a existencia de dito acordo.

Alcalde.- Se hai un acordo ulterior se produce unha revogación do anterior. En calquera caso se comprobará.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), RBC (3), e BNG (1) e abstención do PSOE (4), fica aprobada.

10. MOCIÓN BNG POR UN CONTRATO HOMOLOGADO PARA A UVA DA DO RIBEIRO NA VENDIMIA DE 2019.

a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

O 10 de abril de 2019 publicouse no BOE a “Orden APA/413/2019, de 29 de marzo, por la que se homologa el contrato-tipo de compraventa de uva con destino a su transformación en vino que regirá durante la campaña 2019/2020” Ás portas da vendima de 2019 a realidade no Ribeiro é:

- Dende que en 2010 expirou o último contrato homologado, auspiciado por unha consellería do Medio Rural xestionada dende o BNG, os prezos da uva seguiron á baixa e as aparicións da consellería do Medio Rural limítanse a inauguracións de festas e entregas de premios, mesmo mantendo pechado dende hai máis de seis meses o Museo Galego do Viño xa rematado.

- Non se asinou ningún contrato homologado algún nin se celebrou ningunha reunión da comisión de seguimento. Tampouco se deu prórroga ao último acordo vixente de contrato homologado.

- Non se ofrecen melloras no reparto de subvencións ás adegas que asinen contratos homologados.

Mentres, cada vez hai menos viticultores, menos viñas, menos produción amparada, menos poboación. Non se pode separar esta deprimente realidade coa incerteza xerada pola ausencia do marco normativo do contrato homologado, que induce prácticas de carácter especulativo, con vaivéns de prezos que están a afundir o sector produtivo. Para que a nosa comarca teña futuro, a viticultura ten que ser unha actividade minimamente rendible, con prezos que remuneren o duro traballo de viticultores e adegas, pero ante a perspectiva de que este ano poida haber finalmente unha colleita de maior cantidade ábrese de novo a perspectiva de que sen ningún control dos recollidos no contrato homologado os prezos baixen.

É preciso que a Consellería do Medio Rural convoque aos distintos representantes do sector vitivinícola do Ribeiro, para que con tempo suficiente se estableza un novo contrato homologado para a vendima de 2019 e seguintes.

Por todo elo, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes:

1 Instar á Consellería de Medio Rural a convocar aos distintos representantes do sector vitivinícola do Ribeiro, para establecer un novo contrato homologado para a vendimia do 2019 e seguintes campañas.

2 Demandar á Consellería de Medio Rural apoiar en igualdade aos distintos viños galegos no seu labor promocional.

3 Dar traslado do presente acordo aos demais concellos da D.O. Ribeiro , ao Consello Regulador da D.O. , á Deputación Provincial e á Consellería de Medio Rural.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG, RBC, , reservanse para o Pleno PP, PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Este tema xa se acordou en pleno. O dez de abril de 2019 publicouse unha orde no BOE que homologa os contratos de uva para a súa transformación en viño, induce a prácticas especulativas. Fan falla uns prezos que recoñezan o traballo dos viticultores e das adegas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC9.- Esta moción xa se acordou, agradecemos que esta vez poida ser. Desembarcan multinacionais e grandes empresas no Ribeiro, sinal de que é rendible. O Ministerio de Industria decía que non podía intervir en Alcoa nin na enerxía porque non era comunista. Algún chamou a algún grupo municipal comunista. Esta medida é de pura lóxica, non se pode entrar no salvase libre mercado e desprotexer aos pequenos produtores. É unha medida xusta para moitos veciños.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Nos temos todo o respecto polos que propoñen as mocións. Esta é unha cuestión que compartimos plenamente. É unha virtude que as empresas invirtan.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Xa votamos a favor noutras ocasións. Eu son viticultora, filla e neta de viticultores. Debe haber un prezo digno, leva moito traballo dende que florece ata a vendimia.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade

11. **MOCIÓN BNG SOBRE A PRIVATIZACIÓN DA ESTACIÓN FERROVIARIA DE RIBADAVIA.**

En febreiro de 2017 ADIF e RENFE anunciaron a eliminación do servizo de información e atención ao público e a venda presencial de billetes en estacións como O Barco de Valdeorras, A Rúa, O Carballiño, Ribadavia, Sarria e Guillarei. Esta medida ameazou o servizo de máis de 56.000 persoas que no ano 2016 mercaran un billete nestas estacións, ás que se lles arrebatara a posibilidade de se dirixir ao persoal de atención ao público do ferrocarril. Porén, naquela altura a mobilización e oposición social a esta medida conseguiu freala e garantiuse por parte de Renfe-Adif a permanencia do servizo de venda.

Recentemente, Adif sacaba a licitación do servizo de venda presencial de billetes estacións de Ribadavia e do Carballiño. Desde o BNG opoñémonos a esta situación pois privatizar o servizo é o primeiro paso para afondar na precarización e perda de postos de traballo e no deterioro dun servizo que xa ten moitas necesidades.

Neste sentido, a privatización da venda de billetes suporá un chanzo máis na política de recortes e redución de servizos, perdéndose o seu carácter público e sen garantías de mantemento de postos de traballo e de atención de calidade para as persoas usuarias. Unha medida que lonxe de supoñer unha corrección na desatención destes servizos seguirá contribuindo á degradación destas estacións que son puntos de referencia para as comarcas rurais e do interior.

Por todo elo, o Pleno do Concello de Ribadavia **ACORDA:**

1. Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central o mantemento do servizo de atención ao público e venda de billetes de tren da estación de Ribadavia, desistindo de privatizar a súa xestión e promovendo a creación das prazas públicas necesarias para lle dar cobertura.
2. Instar á Xunta de Galiza a que garanta os dereitos da nosa veciñanza en canto consumidores dun servizo público, en especial a atención horaria suficiente tendo en conta as liñas que atravesan a nosa estación.
3. Instar á Xunta de Galiza a emprender accións conxuntas cos concellos afectados para evitar esta privatización.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Propoñemos a emenda de engadir no punto 2ª " instar ao goberno do Estado" Adif e Renfe son do Estado.

Dª María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Vou a empezar pola emenda, xa está incluída no punto 1º. En febreiro de 2017 se suprimiu o servizo de información e venda presencial. Perxudica moito á poboación. Xa se perderon moitos servizos que son necesarios para ir ao traballo, ir ao médico. Afonda na precarización e perda de postos de traballo. Esta liña ferroviaria é de servizo público, se debe servir por persoal público.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción é necesaria. Vai contra unha actuación no ámbito dos plans de privatización que recortan dereitos dos cidadáns. A competencia é estatal por desgraza. Estamos a favor, aínda que non se acepta a emenda. O Plan de Transporte de Galicia é unha auténtica desgraza. Adif e Renfe neste tema ten moito que decir. Se está a desmantelar a rede de pequena e media distancia de ferrocarril.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Imos votar a favor, este concelleiro xa presentou unha moción en termos semellantes na anterior lexislatura. O anterior goberno xa fixo xestións para que unha empresa se fixera cargo, o ideal é que fose servizo público. No museo do Viño tamén é unha empresa privada.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos a favor de todo o que sexa aumentar os servizos para a veciñanza.

Dª María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- O texto sometido a votación é o orixinal.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

12. MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELO DE RIBADAVIA FAGA DE MANEIRA URGENTE UN PLAN ESPECIAL DE DESBROCE E SEGURIDADE CO REFORZO DE PERSOAL E RECURSOS DAS BRIGADAS MUNICIPAIS E SUSCRIBA O CONVENIO COA XUNTA, FEGAMP E SEAGA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

a Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELO DE RIBADAVIA FAGA DE MANEIRA URGENTE UN PLAN ESPECIAL DE DESBROCE E SEGURIDADE CO REFORZO DE PERSOAL E RECURSOS DAS BRIGADAS MUNICIPAIS E SUSCRIBA O CONVENIO COA XUNTA, FEGAMP E SEAGA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Ribeiro en Común ve con preocupación a proximidade da tempada de calor e perigo de incendios forestais, como tamén en fincas urbanas, sen que o Concello de Ribadavia adoptara medidas para mellorar a situación.

Por este motivo, Ribeiro en Común un ano máis volve reclamar que desde o Concello se adopten medidas de carácter urxente para facer cumprir a normativa vixente en materia de prevención de incendios e de mantemento e coidado de fincas urbanas próximas a vivendas.

Ademais da normativa galega vixente nesta materia, o Concello de Ribadavia dispón de plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais que deben ser cumpridos, así como dunha normativa para a limpeza de fincas urbanas.

Ribeiro en Común propón varias liñas de intervención:

– **Intervención en fincas urbanas que non cumpren a normativa de prevención nin o regulamento en materia coidado e limpeza.**

Priorizando as máis próximas a vivendas e a edificios públicos.

– **Intervención nos espazos públicos de todo o municipio, xa que nos atopamos na época de maior medre da vexetación e o traballo está a día de hoxe sen facer na súa meirande parte.**

– **Publicar bando de apercibimento. Vixiar e apercibir a todos os propietarios e propietarias de fincas que incumpran a normativa. Por último e despois de ser apercibidos, proceder en última instancia a executar o procedemento previsto na normativa, execución e sanción.**

– **Axilizar e levar a cabo a Subscrición do Convenio de colaboración entre Concello de Ribadavia, Xunta, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención de incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias. Seguindo o xa realizado por moitos concellos galegos e que o de Ribadavia aínda non asinou, a pesar de ser un acordo aprobado polo Pleno municipal na lexislatura pasada.** Ademais tendo en conta que o noso Concello podería cumprir varias das cláusulas establecidas como preferenciais. E para o cal é preciso comezar as xestións o antes posible.

- Aprobación de maneira urxente e inmediata dunha partida extraordinaria por parte do Concello de Ribadavia para a contratación dunha Brigada municipal que reforce as labores de desbroce e prevención de incendios forestais.
- Que o Concello de Ribadavia se sume aos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais elaborados no acordo suscrito entre Xunta, Fegamp e Seaga, segundo a Orde de 9 de agosto de 2018, publicada no DOGA de 17 de agosto de 2018. Segundo foi aprobado no seu día polo Pleno municipal de Ribadavia.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A moción foi rexistrada o vinte sete de xullo, segue tendo vixencia, entrou unha brigada de limpeza contra incendios forestais recentemente. A contratación da mesma ,sendo legal, debeu realizarse con publicidade. Había posibilidade de reforzar a brigada nos orzamentos. Esta moción non se quiso abordar no pleno de organización do concello, segue sendo necesaria. Moitos concellos están chegando tarde nesta contratación , por tanto a culpa é da Xunta.Esta moción é unha proposta en positivo. Esta demanda xa ven da lexislatura pasada. Que se acelere o proceso administrativo, o concello no momento de presentación da moción non tiña culminado o proceso.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estamos de acordo, se comentou que se está traballando , se comentou que había problemas de persoal. Hai camiños que se limpiaron cando hai unha visita. É importante desbrozar no entorno das casas, é importante aumentar as actuacións en agosto. Pediría que se atendan todas as demandas de igual xeito.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- As competencias fundamentais son da Xunta de Galicia, e a Xunta a que chega tarde. Hai dúas brigadas grazas ao anterior goberno municipal.O mandato do pobo foi un goberno de progreso, RBC o podía estar facendo. Eu me gustaría preguntar a RBC por qué non foi posible.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- O convenio xa está asinado. No tema do desbroce non é que se poñan todos os medios, na realidade se poñen aínda máis medios dos que se disponen. As brigadas chegaron con retraso, houbo que facer da necesidade virtude. Estamos a favor, gran parte das propostas de acordo xa están feitas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer as indicacións, pero xa sei cal é a distribución dos trece concelleiros do pleno. A concelleira dice que gran parte dos acordos xa están feitos, lembrar que na Exposición de motivos da moción faise fincapé no núcleo urbano. Os sitios que máis nos preocupan son os que están preto das vivendas. O traballo aínda está avanzando.

O grupo que fai oposición á oposición nos pregunta por qué non estamos no goberno. O tema xa está explicado, eu lle recomendaría ao concelleiro don Manuel Vázquez que preguntara no seu grupo que é o responsable de que non haxa unha persoa do PSOE na alcaldía. Hai certa analoxía co que pasa no goberno do Estado. Estando presente neste pleno cinco minutos se ve que o pacto institucional e de estabilidade que pretendía o noso grupo non é posible co anterior alcalde, que de forma conxunta co noso grupo só xeneraría inestabilidade. Nos fixemos unha proposta en base a un programa, unha proposta que era boa. Eu invito a don Manuel Vázquez a que pregunte no seu grupo. Causa sorpresa que hoxe se pregunte eiquí. Algún candidato insinuou que era íntimo de Pedro Sánchez e tiña moitos sitios onde ir.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), RBC (3), BNG (1), abstención PSOE (4), fica aprobada.

Alcalde.- Quero facer un inciso cativo respecto a un punto anterior. Con data de catro de abril de dous mil cinco , o entón alcalde Marcos Blanco Jorge asinou un convenio coa Asociación Cultural A Chairiña , no que se expón que por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de novembro de 2004, cedeuse a Asociación Cultural A Chairiña o uso da planta primeira dereita do local social de San Paio, para impartir cursos de informática e homologar a aula e que para a homologación da aula é obrigatoria a existencia dunha conexión a Internet. Que o concello de Ribadavia autoriza a Asociación Cultural A Chairiña para utiliza-lo teléfono que esta dado de alta no local social, co obxecto de realizar a conexión a Internet.

Sr Interventor.- Se lle pedía para a impartición de ese curso, era unha cuestión puntual.

13. MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO CONSIGA A INSTALACIÓN DE EMPRESAS E POSTOS DE TRABALLO NO POLÍGONO DE RIBADAVIA.

a Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO CONSIGA A INSTALACIÓN DE EMPRESAS E POSTOS DE TRABAJO NO POLÍGONO DE RIBADAVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ribeiro en Común considera que a prioridade desta lexislatura que comeza debe ser a instalación de empresas no Polígono industrial de Ribadavia.

Ribeiro en Común volve levar ao Pleno municipal unha Moción para que desde o Concello se lidere esta iniciativa: liberar solo bloqueado, conseguir a execución da Fase 3, e exercer intermediación para que algunha nova empresa ocupe a nave industrial da antiga ubicación de Paneles Paseiro e se instale en Ribadavia creando postos de traballo.

Ribeiro en Común volve levar ao Pleno a situación do Polígono industrial de Ribadavia, reclamando que no inicio desta lexislatura **o desbloqueo do Polígono debe ser a principal prioridade para o Concello, xa que a falta de traballo segue sendo o principal problema que padece Ribadavia. Reclamamos:**

1) O Concello debe traballar en darlle unha solución inmediata á necesidade de que se asenten en Ribadavia novas empresas que xeren postos de traballo, para o cal unha das posibilidades máis inmediatas debe ser o aproveitamento de naves industriais baleiras que xa existen no Polígono, así, reclamamos a intermediación municipal para que algunha nova empresa ocupe a nave industrial da antiga ubicación de Paneles Paseiro, co obxectivo inmediato de que se instale algunha empresa en Ribadavia creando postos de traballo.

2) Se liberen as parcelas de solo industrial bloqueado e se fagan cumprir as obrigas dos propietarios das parcelas que nunca edificaron.

3) Que se execute a ampliación da Fase 3 de dito polígono empresarial.

Desde o Concello de Ribadavia debemos liderar estas iniciativas xunto coa Xunta de Galicia, sen máis escusas nin dilacións. Ribeiro en Común ofrece todo o seu apoio e respaldo para que desde o Concello, co apoio de todos os grupos, lle deamos unha solución ao noso polígono.

PROPOÑEMOS OS SEGUINTE ACORDOS:

- 1. Que desde o Concello de Ribadavia se traballe en darlle unha solución inmediata ao aproveitamento de naves industriais baleiras que existan no Polígono, e se exerza de acordo á normativa vixente a intermediación municipal para que algunha nova empresa ocupe a nave industrial da antiga ubicación de Paneles Paseiro, co obxectivo inmediato de que se instale algunha empresa en Ribadavia creando postos de traballo.**
- 2. Que desde o Concello de Ribadavia e Xunta se fagan as xestións pertinentes para que se liberen as parcelas de solo industrial bloqueado e se fagan cumprir as obrigas dos propietarios das parcelas que nunca edificaron.**
- 3. Que se estableza un diálogo institucional entre Xunta e o Concello de Ribadavia para desbloquear o Parque empresarial e poñer a disposición de**

maneira urxente solo industrial suficiente para a instalación ou ampliación de empresas activas.

4.-Se lle dea traslado á Xunta de Galicia e ao ente autonómico XESTUR deste Acordo Plenario, e se lle demande á Xunta de Galicia a ampliación da Fase 3 de dito polígono empresarial para a creación de máis solo industrial

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG, , , reservanse para o Pleno PP, PSOE, RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É das mocións máis recorrentes de RBC, a reiteramos na proposta de orzamento. É un problema fundamental da cidadanía, hai que centrar a atención na nave de Paneles Paseiro. Hai que facer que o traballo que se faga entre todos os grupos lle chegue aos veciños. As empresas de traballo temporal contratan xente de fora. Hai que facer unha labor de interlocución coas empresas. Hai que desbloquear os terreos cuxa compra foi subvencionada. Hai un apoio de todos os grupos para a terceira fase do Polígono, a moción de espazo natural de interese local para As Graveiras non obstaculiza a terceira fase, é na dirección contraria ao río. O que decide é este pleno, non a Xunta de Galicia.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Estamos totalmente de acordo coa instalación de empresas que creen postos de traballo. Hai xente que se fixo con terreos no polígono e non edifica, habería que instar a que edificasen. Precísanse empresas con garantía de quedarse, non empresas que están uns anos e logo se van. Tamén hai que apostar polo comercio local, apoiar o comercio local.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Como non somos teimudos nin rencorosos imos a apoiar a moción, porque é favorable para os veciños. O grupo socialista sempre apostou polo polígono. Durante o noso mandato se instalou unha empresa cun volume de emprego importante. Hai que conquistar que Xestur se poña coa terceira fase, con precios asumibles habería empresas que se instalarían. Que o alcalde faga as xestións oportunas.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).-Estamos a favor, unha labor fundamental de este goberno será darlle impulso ao emprego e ao parque empresarial. Xa se teñen feito algunhas cousas e se seguirá traballando.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC)-Agradecer os grupos o seu apoio, reiterar ao goberno o apoio neste tema. O emprego debería ter unha partida nos orzamentos, non foi así. Agardamos que sexa a última vez que haxa que traer esta moción.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

14. MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA APOIE A TRAVÉS DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA EXTRAORDINARIA AS ACTIVIDADES 2019 DO FESTIVAL ARTEFICIAL E A BTT DO RIBEIRO, DESPOIS DE QUE SE VIRAN PERXUDICADAS NOS SEUS APOIOS INSTITUCIONAIS.

a Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA APOIE A TRAVÉS DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA EXTRAORDINARIA AS ACTIVIDADES 2019 DO FESTIVAL ARTEFICIAL E A BTT DO RIBEIRO, DESPOIS DE QUE SE VIRAN PERXUDICADAS NOS SEUS APOIOS INSTITUCIONAIS.

Exposición de Motivos

Ribadavia é un municipio no que o asociacionismo é o principal sustento da vizosa organización de eventos e actividade cultural, deportiva e festiva.

Moitas veces atopámonos que ese nivel de asociacionismo non é correspondido en compromiso e apoio por parte das diferentes institucións.

Ribeiro en Común ven de ter coñecemento de que dous importantes eventos de Ribadavia veñen de verse prexudicados pola retirada do apoio de administracións públicas.

O noso grupo defende que o Concello de Ribadavia debe apoiar todos os eventos que xa están asentados e teñen efectos moi positivos para a sociedade ribadaviense como son a BTT e o Festival Artificial, que alleos á previsión inicial na organización das súas edicións 2019 vense agora prexudicados pola perda de axudas institucionais.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Aprobación dunha Subvención nominativa extraordinaria por parte do Concello de Ribadavia ás Asociacións que organizan as edicións 2019 de ARTEFICIAL e BTT do Ribeiro, de acordo á normativa vixente.**
- **Estudo da situación noutras Asociacións do noso municipio que puideran atoparse nunha situación similar do abandono das axudas de outras Administracións.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, BNG , reservanse para o Pleno PSOE, PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A moción foi rexistrada o 19 de xuño, o noso grupo entende que son dúas asociacións con actuacións importantes que resultan

perjudicadas no apoio institucional. O apoio da Xunta foi cesando, financia macroeventos, é unha perda irreparable. O concello de Ribadavia debe apoiar. A BTT a culpa non foi do concello, nin do anterior goberno, pasouse o prazo por problemas organizativos. Son dous eventos substanciais para Ribadavia, se pode facer unha modificación orzamentaria.

D^a Maria Teresa Rodríguez Estévez(BNG).- A favor de calquera iniciativa beneficiosa para Ribadavia, máis sendo asociacións sen ánimo de lucro.Tamén pode haber outro tipo de axudas de tipo material.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Boa tarde a todas e todos. Dende o grupo municipal socialista sempre colaboramos coas asociacións culturais e educativas. Nos non estamos para quedar ben coas asociacións senón para traballar con elas. A BTT cando eramos goberno se lle deu un soporte técnico e persoal. A Artificial se lle deu unha subvención e apoio de persoal do concello. Nos imos a abster.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- O alcalde e a concelleira de Cultura mantiveron unha reunión con estas asociacións; non piden unha subvención nominativa extraordinaria. Xa houbo un acordo con estas asociacións.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Fago un inciso para lembrar que a sesión ten que rematar as doce horas.

Alcalde.- Somos conscientes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer aos grupos que votan a favor e os que non son obstáculo para a aprobación. Nos sempre falamos coas asociacións, ningunha vai a rexeitar unha axuda, un complemento. O lóxico é que o goberno execute o acordo.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a favor PP (5), RBC (3) , BNG (1) e abstención PSOE (4), fica aprobada.

15. MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SE IMPLIQUE E COLABORE EN TODAS AS FESTAS ASOCIATIVAS E VECIÑAIS DO MUNICIPIO.

a Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

Ribeiro en Común considera que o esforzo que realizan as asociacións culturais e veciñais, así como as diferentes comisións de festas que existen no

municipio de Ribadavia deberían ter unha resposta maior e mellor por parte da implicación e colaboración do Concello de Ribadavia nas mesmas.

Arteficial, Festa da Istoría, Noite Meiga, Festas parroquiais como Francelos, San Cristovo, San Paio, Santo André, así como outras que se poden potenciar, Prexigueiro ou A Quinza, San Francisco, son importantes exemplos de festas e eventos sostidos cunha grande dose de implicación asociativa moi plural da veciñanza. Neste sentido o Concello de Ribadavia, que nalgúns casos xa colabora a nivel de recursos, pode facer moito máis.

- Melloras nos campos das festas: reposición de instalacións de luz e electricidade obsoletas ou avariadas, reposición de centros de xogo e parques en mal estado, mellora do mantemento, desbroce e limpeza, mellora de bancos e mesas. Estudo de posibilitar outro tipo de mellora que axuden na organización festiva e do evento.

- Mellora dos vestiarios do Auditorio do Castelo, así como a mellora do local social da Madalena.

- Adquisición dunha estrutura de carpa, por módulos que permita a súa adaptación a diferentes espazos tanto grandes como pequenos, dispoñible para todos os eventos que sexa necesaria, tanto para os que organiza o propio Concello como os das asociacións de Ribadavia, que facilite ditos eventos en datas de mala climatoloxía e que lle supoña un aforro importante de recursos a ditas asociacións e ao propio concello. Ao mesmo tempo, evitaríamos o mal uso de instalacións deportivas.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- **Aprobación dunha liña de intervención municipal que implique:**
 - **Compra dunha estrutura móbil con carpa, por módulos, destinada a todas as asociacións culturais, veciñais e comisións de festas do municipio de Ribadavia, así como do propio Concello.**
 - **Colaboración e supervisión na infraestrutura das festas parroquiais: reformas pequenas destinadas á mellora dos espazos onde se celebran as festas, así como outras melloras.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno PSOE, PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción foi rexistrada o 5 de xullo, é froito da interlocución coas asociacións. A todos os grupos lle chegan estas demandas. A todos nos gusta presumir nas festas e logo non se atenden as peticións alegando falta de recursos. Non digo que sexa con mala intención. A veces hai un problema climatolóxico, problemas cos espazos deportivos. Non se pode suprimir o seu uso xenerando un agravio aos clubs. A solución sería unha carpa móbil. Traemos esta moción cunha intención propositiva.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-O concello ten que axudar as comisións de festas que organizan os eventos. Hai campos en que se realizan outras actividades. A veces se tivo que alugar unha carpa. Se a carpa é compartida por varias asociacións, o problema é quen a leva, quen a coida. Que o concello se implique.

Dª Cristina Otero Alonso (PSOE).- Como grupo defendemos e apoiamos as asociacións. En canto á carpa temos dúbidas legais se a responsabilidade pudiera recaer sobre o concello, por iso nos imos a abster.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- A colaboración do concello é total e o vai a seguir sendo. A dúbida entranos coa carpa, non o fai calquera. Se refírese a unha carpa grande, ten que ser montada e desmontada por persoal especializado. A cuestión é quen se fai responsable. A favor no segundo punto, no primeiro punto en contra.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O goberno se posiciona en contra da nosa proposta. Isto se fai noutros concellos, con responsabilidade civil do concello, tamén é unha forma de colaborar. Calquera evento necesita un seguro, esta instalación se ten que facer de acordo á normativa. A instalación debe correr a cargo do concello. É unha axuda institucional a moitas asociacións e comisións de festas. É un problema de tempo, non legal nin de seguridade. A longo prazo incluso medio prazo se aforra. Non é unha petición de RBC, senón das asociacións e comisións de festas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC (3), BNG (1), votos en contra PP (5), abstención PSOE (4), fica rexeitada a proposta.

16. MOCIÓN RBC PARA QUE AS GRAVEIRAS DE SAN CRISTOVO E AS RIBEIRAS DO AVIA SEXAN DECLARADAS ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL).

a Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente, na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

MOCION RBC SOBRE A DECLARACIÓN DAS GRAVEIRAS DE SAN CRISTOVO COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL).

Esta é unha Moción de Ribeiro en Común que se marca como obxectivo que o concello de Ribadavia inicie os trámites para levar a cabo un plan de recuperación do sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) nas graveiras de San Cristovo e ribeiras de Avia, que constitúen un hábitat acuático de gran valor ecolóxico para esta especie protexida e en perigo de extinción, e para o que a Xunta de Galicia aprobou, mediante decreto 70/2013 de 25 de abril da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, un plan de recuperación en Galicia; neste decreto aparece este hábitat como área prioritaria de conservación, sendo unha das máis importantes de Galicia para a recuperación e conservación desta especie.

Consideramos que a declaración de ENIL deste espazo constitúe un primeiro paso fundamental para a protección do seu hábitat, dándolle unha protección legal que evitaría a degradación da zona e podendo contemplarse, a maiores, outras figuras axeitadas que tamén axudarían a captar recursos económicos ao concello de Ribadavia para salvagardar este espazo.

Ribeiro en Común propoñemos para a súa aprobación polo Pleno municipal de Ribadavia os seguintes acordos:

- **Que se acorde o inicio dos trámites necesarios para a protección deste habitat único e de gran valor ecolóxico; en función do establecido polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural. Neste decreto establécese que o promotor ten que ser o concello.**
- **Tamén, que se poñan en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais deste espazo.**
- **Que se sinalice a prohibición da caza, actualmente xa non está permitida pero non está sinalizado, e se estableza un diálogo desde o Concello coas Asociacións de pesca para achegar posicións con elas, xa que esta práctica incide directamente na supervivencia deste galápagos.**
- **Que se busque a colaboración e implicación doutras Administracións e o asesoramento de expertos e colectivos implicados na súa defensa, especificamente, que se busque a colaboración da asociación cultural-ecolóxica Ridimoas, Asociación Herpetolóxica Española e outras que poidan estar interesadas.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, , reservanse para o Pleno PP, PSOE, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción para sumar e mellorar, defende unha riqueza natural do noso municipio, turística e económica. Unha riqueza única

en Galicia, para o turismo medioambiental. Hai que facer un traballo de diálogo con outros usuarios que usan o río. É unha zona que merece ser visitada, as Administracións son os responsables máximos.

DD^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A favor de esta declaración, de recuperar as ribeiras e o caudal do río Avia.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Non temos claro a implicación legal, como pode afectar a outros colectivos. Falta información e por ese motivo, nos imos a abster.

D Miguel García Domínguez (PP).- Imos a manter conversas con os outros colectivos afectados. O areal xa conta con protección, está en habitat da Xunta de Galicia. A asociación Ridimoas xa o solicitou. A Xunta de Galicia levou a cabo traballos coa Asociación Herpetolóxica. O concello vai a dar todo o apoio para conquistar esa cualificación. Sería un impulso turístico , educativo e ecolóxico respectando todas as sensibilidades.

Sometida a votación a proposta , obtense o seguinte resultado votos a favor PP (5), RBC (3) , BNG (1) e abstención PSOE (4), fica aprobada.

17. MOCIÓN PSOE CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO.

A Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 22 de xullo de 2019 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de motivos

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia no seu comezo de mandato, no ano 2015, tomou a primeira medida baseada na transparencia , por medio dunha convocatoria de apertura das Listas de Contratación de todas as categorías profesionais do concello de Ribadavia , en que se recolleron cerca de 500 solicitudes.

Consideramos necesario que se continúe coa máxima transparencia, mediante listas públicas e accesíbeis aos candidatos/as , e na maior brevidade, co obxectivo de continuar coa iniciativa e dar unha prestación do servizo regulado por medio de convocatoria pública e transparente , como se veu facendo nos anteriores mandatos do PSOE de Ribadavia.

Esperamos que esta iniciativa que levamos a cabo o Partido Socialista de Ribadavia permita cumprir cos obxectivos para que Ribadavia continúe con esta xestión de concello transparente e, polo tanto, eficiente, profesional, rigoroso ,e aberto; e continúe o esforzo de mellorar os problemas reais dos veciñas/os , como vén sendo o emprego.

Polo que solicitamos:

Se proceda á elaboración das bases para o procedemento de convocatoria de apertura da bolsa de emprego , para que as persoas interesadas se poidan incorporar á listas de contratación temporal: substitucións que se poidan ocasionar por razón de baixas laborais, permisos e /ou vacacións...

Solicitamos, ademais , que esta medida se xestione, a través do Servizo de Orientación Laboral do concello.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, reservanse para o Pleno RBC, BNG , PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non sei a que se refire algún cando se dice que algúns ven co traballo feito e outros non. Nos non somos oposición da oposición, nos somos alternativa de goberno.

Esta moción a presentamos fai tempo, a bolsa de emprego xenera moito traballo ás orientadoras laborais, máis de 500 entrevistas. O goberno contestou a esta moción considerando que era unha pregunta. Esta proposta é fácil de poñer en marcha, sería aprobar as bases en Xunta de Goberno Local coas modificacións que considere precisas. A min cando se fala de outros concellos me gustaría que se precisase cales, agora hai moitos concellos con bolsas de emprego, cando empezou Ribadavia non.

Respecto dunha cuestión anterior e aos que nos acusan de falta de rigor e de non preparar os plenos, o vinte e seis de febreiro de 2004, o entón alcalde firmou un escrito no que se decía Cédese o local existente na parte dereita no primeiro piso da Escola de San Paio, o cal será exclusivo para o uso de esa Asociación a favor da Asociación Cultural A Chairiña.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo sempre impulsou as bolsas de emprego e a favor da transparencia na contratación do persoal.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer todos os méritos que se me achacan, que son o único sustentador da suba electoral de RBC.Eu penso que non, algúns non fan unha boa lectura do resultado. A proposta concreta nos parece ben, pero é a punta do iceberg na xestión de persoal de este concello. Imos votar a favor.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos de acordo, imos votar a favor.Están en vigor ata o nove de novembro, estamos en tempo según me din os técnicos.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- As bolsas de emprego as abrimos o terceiro día da anterior lexislatura. En setembro e outubro se fixeron as entrevistas. Nos tivemos as cousas ben preparadas, con tempo. Na Deputación non existe a transparencia necesaria nestes temas. A nosa bolsa de emprego foi noticia nacional, miles de persoas anotadas.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

18 MOCIÓN DE URXENCIA DO PSOE PARA FACILITAR O VOTO DE CONCELLEIRAS/OS EN CASOS DE EMBARAZO, PERMISOS DE PATERNIDADE/MATERNIDADE OU ENFERMIDADE

GRAVE.

Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Socialista no Concello de Ribadavia presenta unha proposta formal para a presidencia co fin de FACILITAR O VOTO DE DEPUTADAS/OS EN CASOS DE EMBARAZO, PERMISOS DE MATERNIDADE/PATERNIDADE OU ENFERMIDADE GRAVE.

O motivo de presentar esta proposta é para que por parte do alcalde de este concello se poñan en marcha todos os mecanismos para que se poda poñer en marcha esta iniciativa, que dende o meu grupo consideramos de tanta importancia, que cremos que debe ir máis alá dunha mera iniciativa dun grupo político e debería ser asumida pola Presidencia desta institución.

A finalidade da iniciativa é permitir a votación de xeito telemático a deputadas/os ausentes nos casos de embarazo, (de risco, estado de xestación moi avanzado ou maternidade recente) permisos de maternidade ou paternidade ou enfermidade grave debidamente acreditada.

Este procedemento non presencial facilitaría a participación de membros da Corporación Municipal en determinadas votacións onde non sexa posible o desempeño desta función polas causas anteriormente mencionadas. Desta forma conciliaríase o dereito a votar na sesión plenaria e o imperativo de que os acordos se adopten con tódalas garantías.

O voto telemático con verificación persoal contribuirá a compatibilizar os permisos e baixas coa función dos membros da Corporación. A implantación do procedemento telemático con verificación persoal evitará que a elección de ser nai non se convirta nun obstáculo para o desenvolvemento das obrigas e dereitos de representación ou que a maternidade constitúa un elemento de discriminación. Do mesmo xeito, ocurriría con outros supostos como o permiso por paternidade ou co feito de que algún membro da corporación non puidera asistir ás sesións por motivos de enfermidade grave.

Outras institución en España xa dispoñen ou están tramitando a posta en funcionamento desta fórmula de voto telemático, como poden ser os parlamentos de Galicia, Andalucía, a Asemblea de Cantabria ou as Deputacións de Huelva (foi pioneira), Sevilla, Granada ou Zamora. O Congreso dos Deputados xa dispón tamén deste sistema dende xuño de 2012.

O procedemento é similar en todas as institucións nas que se puxo en marcha:

- A/O concelleira/o que prevexa a súa ausencia nunha sesión plenaria e desexe ser autorizado para participar nas súas votacións, deberá cursar por escrito a solicitude de emisión de voto telemático, expoñendo e xustificando as razóns que lle impiden realizar as súas funcións presencialmente.
- Deberá precisar nese mesmo escrito o tempo no que teña previsto que non vai poder exercer as súas funcións como deputada/o con normalidade.
- O Presidente da Corporación ou órgano que se designe para tomar esta decisión adoptará un acordo motivado autorizando o exercicio do voto mediante procedemento telemático con comprobación persoal.
- O acordo precisará, se así se estipula, os puntos concretos da orde do día do Pleno para os que se autoriza a votación mediante procedemento telemático.
- Para exercer o seu voto a/o deputada/o autorizado deberá acceder mediante a súa contrasinal á rede interna do Concello de Ribadavia.
- A comprobación telemática da identidade do concelleiro autorizado mediante un certificado de sinatura dixital será imprescindible para concluir con éxito a votación.

- Establecerase unha franxa horaria para exercer o voto telemático, que será antes do pleno e xeralmente 1 hora antes do inicio da votación presencial.

A proposta do Grupo Municipal Socialista simplemente pretende ser unha guía, e está aberta á proposta e mellora de todos os demais grupos con representación no pleno, prevé en principio a adopción dos seguintes acordos:

1. Modificar o Regulamento de Funcionamento Interno do Concello de Ribadavia de xeito que se poida poñer en marcha esta iniciativa.
2. Habilitar sistemas tecnolóxicos e técnicos para garantir a participación nas votacións dun xeito non presencial, é dicir, por vía telemática.
3. Adoptar disposicións e medidas para a posta en marcha deste procedemento e dos métodos de verificación persoal.
4. Delimitar os supostos que permitirán o voto a distancia tanto nos casos de embarazo (de risco, moi avanzado, etc), así como no caso dos permisos por maternidade ou paternidade (unha das causas do procedemento non presencial pode ser a maternidade recente).
5. Definir tamén os tipos de enfermidades que permitirán facer uso do voto a distancia.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- A urxencia ven motivada porque se está iniciando a lexislatura. A proposta é a prol da igualdade e da legalidade, que por motivos de paternidade, de maternidade, de baixas, non se deixe de representar aos cidadáns. É unha ferramenta para cumprir as nosas obrigas, para facilitar a representación polític, fomentar a participación das mulleres en política. A vontade dos veciños debe seguir sendo representada, no perderse por baixas médicas, hai que actualizar o regulamento. Pode ser complexa a implementación inmediata. Se pode acudir ao voto pechado ou a delegación do voto.

Sometida a votación a urxencia, votos a prol PP (5), PSOE (4) , BNG (1) abstención RBC (3) , fica aprobada.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Reiterar o dito.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Estamos totalmente de acordo, é de xustiza que os concelleiros e concelleiras poidan votar en casos de enfermidade, maternidade, paternidade, etcétera...

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos a favor, o intentaremos poñer en marcha o antes posible. Buscar un sistema que permita a delegación de voto, modificar o Regulamento.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Resaltar o feito de que o PSOE presenta moitas iniciativas.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

19 MOCIÓN DE URXENCIA BNG RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN ÚNICO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE E DA SÚA INCLUSIÓN NO ORZAMENTO DO ANO 2020

Dna. María Teresa Rodríguez Estévez_ en calidade de voceira do Grupo Municipal do BNG do concello de Ribadavia, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, presenta para debate e aprobación se procede, a seguinte a moción **EN RELACIÓN COA DISCRIMINACIÓN QUE SUFREN OS CONCELLOS DE OURENSE CON RESPECTO AO RESTO DOS CONCELLOS DO PAÍS.**

MOCIÓN RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN ÚNICO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE E DA SÚA INCLUSIÓN NO ORZAMENTO DO ANO 2020

que se basean nesta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unhas das principais competencias das deputacións provinciais é a asistencia económica aos municipios, especialmente a aqueles de menos capacidade económica e de xestión.

Esta asistencia que se predica respecto dos municipios da provincia, pode materializarse con carácter ordinario ou excepcional, no primeiro dos casos, artícularse mediante a aprobación de plans especiais, cinguidos a criterios obxectivos, garantindo as condicións de igualdade e concorrencia.

Pero, o mecanismo predominante na deputación de Ourense realízase mediante a firma de convenios non suxeitos a concorrencia, o que permite aceptar dispensación dun trato diferente entre municipios. Hai que lembrar que durante anos os concellos se viron sometidos ao sectarismo político e partidista.

Ante isto, dende hai anos dende o Grupo Provincial do BNG estamos a trasladar reivindicacións para que a Deputación de Ourense mellore a colaboración con todos os concellos da provincia e cree un plan de axuda ás administracións locais máis ambicioso, seguindo criterios obxectivos e que dea unha verdadeira resposta ás necesidades dos veciños.

Por iso, consideramos como algo ineludible a elaboración dun Plan Único de colaboración cos concellos da provincia de Ourense e a súa inclusión no Orzamento para o ano 2020, o que permitiría que a Deputación de Ourense cumpra coa súa competencia regulada por lei, a de colaborar con todos os concellos.

Neste Plan Único aglutinaríase os diferentes plans xa existentes. E coa creación deste Plan Único perséguese as seguintes finalidades:

- Racionalizar e obxectivizar.
- Simplificar tarefas administrativas.
- Facer un Plan Dinámico

- Autonomía municipal
- Planificación do concello

Por todo o anterior, instamos ao pleno do concello de Ribadavia a presente MOCIÓN RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN ÚNICO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE E A SÚA INCLUSIÓN NO ORZAMENTO DO ANO 2020 e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

1.- Que no vindeiro orzamento de deputación, e tendo en conta os criterios de xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto aos concellos da provincia a través dun plan único de investimentos que se sitúe na fronteira do 1/3 do total do orzamento, como xa están a facer as restantes deputacións galegas.

2.- Que a Deputación de Ourense suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc.....) dotandoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións do País.

3.- Que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para os nosos conveciños e conveciñas.

4.- Que estes acordos sexan trasladados ó pleno da Corporación Provincial aos efectos oportunos.

Dona María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Nas comisións informativas preguntamos por este tema; a urxencia ven motivada porque non hai pleno no concello en agosto, e para que se poida dar traslado da moción con tempo á Deputación Provincial.

Sometida a votación a urxencia obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3), BNG (1), abstención PP (5), fica aprobada a urxencia.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- É unha moción reactiva, pide un Plan Único para os concellos da provincia. O reparto que fai a Deputación de Ourense non é xusto. Este plan único se fai nas outras tres Deputacións Provinciais de Galicia. Con este plan único o concello de Ribadavia pasaría de percibir 113.000 euros a 347.000 euros para mellorar as condicións de vida da nosa veciñanza.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción é xusta e necesaria, a suscribimos punto por punto. Pedir desculpas pois teño que abandonar o pleno por un asunto persoal .

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A Deputación non vai a celebrar pleno en agosto nin en xullo. Este plan único xa se solicitou na Deputación no anterior mandato e foi rexeitado. Cando se fala pola Deputación das cantidades que recibe o concello de Ribadavia, se inclúen as cantidades que recibe a Festa da Istoría e outras asociacións que non son o concello de Ribadavia. O PP na Deputación chegaba a dicir que o concello de Ribadavia era o que máis percibía da provincia. O concello de A Cañiza recibe da Deputación de Pontevedra polo plan único 600.000 euros, un alcalde con esa cantidade e cinco mil veciños pode facer moitas cousas. A Deputación de Ourense utiliza uns mecanismos que non son xustos, agora como o alcalde de Ribadavia é do PP, o concello de Ribadavia vai a percibir máis diñeiro da Deputación. Este plantexamento se terá que facer na Deputación. Un reparto equitativo por número de habitantes, calquera que sexa o partido do alcalde do concello. As outras tres Deputacións Provincias galegas que teñen un presidente ou presidenta socialista, seguen este sistema.

Dª Mariluz Expósito Pérez(PP).- Non estamos en desacordo coas políticas de colaboración da Deputación con este concello. Iremos votar en contra.

Dª María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).-Este plan único sería moi interesante para este concello.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3) , BNG (1), e votos en contra PP (5) fica aprobada.

20. RENOVACIÓN DOS REPRESENTANTES LOCAIS NOS CONSELLOS TERRITORIAIS DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

Visto o requerimento formulado en relación á renovación dos representantes locais nos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria , o concello de Ribadavia vota para que ocupen as Vocalías que lle corresponde as entidades locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense aos alcaldes dos concellos de : Oímbra, Paderne de Allariz e Porqueira.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), abstención PSOE (4) , RBC (3) BNG (1), fica aprobada.

D Brais Fidalgo Martínez.- Teñome que ir.

21.-ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Domínguez Estevez (BNG).- Hai unha referencia no orzamento sen especificar a obras na Casa da Cultura, quería saber se vai a haber algunha reforma e se vai a ser antes do novo curso.

Alcalde.- Na medida das posibilidades a intención e facer melloras na Casa da Cultura. Tamén se van a facer melloras na Galiña Azul , que se descontarían da débeda. A brigada de obras actúa no CRA Amencer.No colexio da Alameda non hai prevista unha actuación inmediata.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Pedir unha breve aclaración sobre dúas cuestións, o Camiño Minhoto, e a consignación de 2000 euros para a Escola de Teatro. Solicito que se me faciliten copias das Resolucións de alcaldía.

Alcalde.- No tema do camiño falei co Concelleiro de Cultura do tema e recomendou olvidar problemas de nomenclatura que o que fan é retrasar o tema. A Escola de Teatro se iniciaron contactos con persoas que teñen aulas de teatro, está nun estado inicial. As resolucións de alcaldía se poden consultar no concello en calquera momento.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Temos presentado varios escritos solicitamos que se teñan en conta.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Hai fallos no tráfico, en Praza Maior , en San Xoán, solicito unha comisión de tráfico que regule e resolva os problemas. Hai dous o tres contenedores rotos na Estación de tren. En San Cristovo non se limpiou o camiño da Igrexa. Lembrar unha vez máis o tema do arranxo das fontes. Preguntar pola actuación da Axencia Galega de Infraestruturas en San Paio.

Alcalde.- Falei co xefe provincial de infraestruturas de ese tema.Hai un boceto que se ensinou aos veciños e comerciantes , con dous carrís. Había dúbidas coa afectación ao aparcamento , só se reduciría dúas prazas de aparcamento respecto das actuais. Se reduce a anchura de aparcamento a ambos lados para crear un carril central. Na subida a Castrelo hai nova zona de aparcamento.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Hai unha parroquia en San Paio que non tivo actuación teatral.

Alcalde.- Todos os contratos foron asinados polo anterior alcalde. Habería que trasladar a pregunta ao anterior alcalde.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Houbo tempo para solventar o tema. ¿ Pediron explicacións ao director da Mostra?

Alcalde.- A Mostra estaba pechada e impreso o programa.

D^a Yolanda Gómez Gómez (PP).- Por motivos técnicos non se podía facer, estaba todo pechado e rematado.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).-Retransmisión en directo en streaming da homenaxe a Eduardo Chao.

Alcalde.- O acto foi concebido polo director da Mostra Internacional de Teatro.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- ¿ Cómo van as xestións con Gas Natural para a retirada dos postes de Francelos?

Alcalde.-Dareille a documentación, pasaron un orzamento de 38.000 euros. Se teñen un compromiso co delegado de Fenosa lles pido que me acompañen á reunión e falamos para recuperar ese acordo.

D^a Cristina Otero Alonso (PSOE).- Coa brigada de obras se podería facer un parque infantil pequeniño na Franqueirán.

Alcalde.- Tomo nota e se tomará en consideración.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Favores persoais non lle fago ao concello,non tiro de vinculacións persoais, só falta que os vaia a quitar eu. En dez días se pode cambiar unha programación para que haxa actuación nun pobo.

Pregunto se o Museo do Viño tiña comunicación previa ou licenza de apertura, non é responsabilidade do concello, pero hai irresponsabilidade por parte da Xunta de Galicia e do alcalde por non comprobar se a tiña.

Alcalde.- Estamos recollendo a documentación. No ano 2006 se recibiu unha documentación no concello , que co fin de obra a Xunta interpreta que se autoriza a actividade. A licenza de actividade vai vinculada á primeira licenza de obra.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Que os técnicos do concello lle informen ben, non houbo comprobación polos técnicos do concello do fin de obra.

E sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO